

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

**AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Resolución do 11 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Na Comunicación COM (2009) 103, do 3 de marzo de 2009, da Comisión ao Consello e ao Parlamento: mellorar o acceso das zonas rurais ás modernas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), a comisión reconece que a utilización eficaz das tecnoloxías da información e da comunicación, impulsada por un mellor acceso á internet de alta velocidade (banda larga), desempeña un papel fundamental para aumentar a produtividade e promover a innovación en Europa e, en particular, nas zonas rurais.

Neste contexto, a comisión alenta os estados membros a impulsaren as sinerxías e complementariedade entre os instrumentos da política rexional, a política de desenvolvemento rural e as políticas nacionais en materia de TIC, para superar os desequilibrios territoriais no relativo ao acceso á banda larga, máis acusados nas zonas rurais.

Pola súa banda, no contexto máis amplo da Estratexia de Lisboa, os estados membros están a impulsar plans para acelerar o desenvolvemento das TIC e, especificamente, incrementar o grao de penetración da banda larga mediante o despregamento das correspondentes infraestruturas.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia que tivo lugar o 18 de febreiro de 2010 aprobou o Plan director de banda larga 2010-2013 (PDBL), que constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas teñan acceso de calidade á banda larga como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia.

No marco do PDBL, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica -órgano da Administración autonómica ao que lle compete o impulso

e promoción do PDBL- e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), subscribiron o 12 de maio de 2010 un convenio de colaboración para a coordinación de actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de banda larga no territorio rural galego en relación coa Liña estratéxica 1.- Despregamento de infraestruturas do PDBL, que se concreta, entre outras actuacións, na tramitación dunha convocatoria pública de subvencións, co fin de despregar unha rede de acceso de banda larga nunha das rexións en que a fenda dixital entre zonas rurais e urbanas é máis acusada. Ademais de favorecer a penetración da banda larga de calidade nesta rexión, o aproveitamento da infraestrutura existente e o fomento da competencia foron os principais criterios empregados á hora da definición desta convocatoria.

Nas directrices comunitarias para a aplicación das normas sobre axudas estatais ao despregamento rápido de redes de banda larga, a Comisión Europea mantén que unha intervención estatal selectiva no ámbito da banda larga pode contribuír a reducir a fenda dixital que se abre entre zonas nas cales se dispón de servizos de banda larga accesibles e competitivos e as zonas que carecen dos ditos servizos. A licitación aberta garante a transparencia para todos os investidores que desexen presentar ofertas para a realización do proxecto subvencionado; así mesmo, é un método de minimizar a vantaxe potencial da axuda estatal e reduce o carácter selectivo da medida xa que non se coñece de antemán quen é o beneficiario.

Tendo en conta o anterior, e no marco das competencias delegadas por acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007,

RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia, que se xuntan a esta resolución como anexo I.

Segundo.-Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria correspondente ao ano 2010, que se unen a esta resolución como anexo II:

Modelo A).-Solicitude.

Modelo B).-Declaración doutras axudas e declaración responsable.

Modelo C).-Resumo da memoria económica do proxecto.

Terceiro.-Convocar, para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia.

Esta convocatoria enmárcase na área de actuación A.A.1.3- Extensión das redes de banda larga ao ámbito rural de Galicia, da liña estratéxica 1.- Desenvolvemento de infraestruturas, do Plan direc-

tor de banda larga de Galicia 2010-2013, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de febreiro de 2010.

Esta convocatoria financiarase con cargo á conta orzamentaria 02.01 02/32/10 656700 dos orzamentos de Agader para o ano 2010, está prevista unha dotación máxima de seiscentos corenta e catro mil setecentos corenta euros con setenta e cinco céntimos (644.740,75 €), financiados exclusivamente con fondos propios incondicionados.

As solicitudes dirixiranse ao director xeral de Agader e presentaranse segundo o modelo normalizado que se incorpora no anexo II desta resolución como Modelo A).- Solicitude.

Coa solicitude presentarase, ademais, a documentación que se indica no artigo 18 das bases reguladoras.

O prazo para presentar a solicitude será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O modelo de solicitude poderá descargarse na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>

Os investimentos xustificaranse documentalmente de acordo co disposto nas bases reguladoras. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados ao proxecto será o 30 de novembro de 2010. O prazo límite para xustificar os correspondentes gastos será o 1 de decembro de 2010.

Disposicións adicionais

Primeira.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou ben recurso directamente recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Segunda.-Información aos interesados.- Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

a) Na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es> e na páxina web da SXMIT <http://imit.xunta.es>.

b) No teléfono: 981 95 78 68.

c) No enderezo de correo electrónico:

oficina.bandalarga@xunta.es

d) Presencialmente, con cita previa na Oficina Técnica de Banda Larga da Xunta de Galicia, sita na praza de Europa 10ª 3º ABC. Santiago de Compostela.

Terceira.-En cumprimento da obriga establecida no artigo 107 TFUE, e de acordo co previsto no artigo 17.4º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o pagamento das subvencións que se tramiten ao abeiro desta convocatoria está condicionado á adopción, pola Comisión Europea, da correspondente decisión de autorización da axuda por considerala compatible co mercado común conforme a normativa comunitaria de axudas de Estado.

Disposición derradeira

O director xeral de Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación e execución destas bases reguladoras.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2010.

Por Resolución 21-6-2007

Antonio Crespo Iglesias

Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto destas bases é regular a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia.

Artigo 2º.-*Ámbito material.*

O ámbito material das actuacións financiadas ao abeiro destas bases circunscríbese á área de actuación AA1.3.- Extensión das redes de banda larga no ámbito rural de Galicia, dentro da liña estratéxica I: Desenvolvemento de infraestruturas, do Plan director de banda larga de Galicia 2010-2013 (en diante, PDBL), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 18 de febreiro de 2010.

Este documento está á disposición dos interesados na páxina web da SXMIT: <http://imit.xunta.es>

Artigo 3º.-*Ámbito territorial.*

En consonancia coas directrices fixadas dentro da primeira liña estratéxica do PDBL, as actividades obxecto de subvención poderán realizarse única e exclusivamente en núcleos rurais da xeografía galega tipificados como zona branca e que, polo tanto, non poden acceder a conexións de banda larga á internet nin teñen previsión de facelo.

Por iso, os despregamentos de rede propostos polos solicitantes deberán restrinxirse a cubrir os núcleos citados no anexo 1 (listaxe de núcleos obxectivo) que se incorpora a estas bases reguladoras.

Os despregamentos de rede propostos valoraranse sobre a base da poboación cuberta nos núcleos obxectivo. Non se valorará en ningún momento a cobertura de núcleos fóra da listaxe do anexo 1.

Os solicitantes deberán achegar unha listaxe dos núcleos do anexo 1 que poderán acceder aos servizos de conectividade sustentados na rede despregada, indicando a porcentaxe de inmobles deste que serán cubertos polo despregamento de rede.

Para os efectos destas bases reguladoras, e de cara a garantir un acceso de calidade á internet, para que inmobles actualmente en zona branca se consideren cubertos polo novo despregamento de rede, é condición indispensable que estes poidan acceder de modo efectivo a un paquete de servizos retallistas de acceso acorde co estipulado no artigo 9º.

Artigo 4º.-Ámbito temporal.

O despregamento da rede poderá prolongarse no tempo ata o 30 de novembro de 2010 e o prazo máximo para a posta en servizo é o 31 decembro de 2010.

Para estes efectos, o plan de despregamento deberá presentarse de conformidade co artigo 11º e establecerá tres etapas, cada unha das cales será definida libremente polo solicitante e deberá dar conta dos núcleos que forman parte desta como dos puntos de presenza. Estas etapas serán definidas en función da dispoñibilidade do servizo para a poboación total prevista segundo a seguinte táboa:

<u>Etapas</u>	<u>Porcentaxe da cobertura anual prevista</u>
1º etapa	30% da poboación
2º etapa	60% da poboación
3º etapa	100% da poboación

O prazo de inicio de traballos por parte do beneficiario non poderá exceder dos dez (10) días hábiles, contados desde a data da notificación da resolución da concesión da axuda.

O prazo de vixencia da obriga de servizo computarase desde a data en que os investimentos estean finalizados na súa totalidade e fosen recibidos de conformidade por Agader, independentemente de que o solicitante executase os investimentos en máis dunha etapa e iniciase o servizo naquelas en que se certificasen os investimentos con anterioridade á recepción definitiva.

Artigo 5º.-Criterios xerais.

Os criterios xerais que van rexer esta convocatoria de subvencións son os especificados polas directrices da Comisión Europea e polas autoridades nacionais.

Cabe destacar de xeito específico os seguintes criterios:

5.1. Neutralidade tecnolóxica.

Non se primará *a priori* unha tecnoloxía de acceso para redes de banda larga fronte a outras. Por iso, o solicitante poderá escoller libremente a tecnoloxía que considere que mellor se adecua aos obxectivos

xerais do proxecto e aos parámetros de calidade exixidos.

5.2. Cumprimento da lei de protección de datos.

O operador solicitante estará obrigado ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos. Declarará documentalmente que se responsabilizará de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se realizará conforme a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

5.3. Neutralidade da rede.

Os beneficiarios operarán as infraestruturas despregadas baixo criterios de neutralidade da rede, asegurando manter unha clara separación entre o acceso á rede e o contido que transporta, tratando por igual todos os contidos, fontes e plataformas e permitindo así ser capaz de comunicar todo tipo de información, servindo para calquera aplicación ou servizo. Deste modo, as infraestruturas despregadas deberán cumprir cos seguintes principios:

-Os usuarios teñen o dereito de acceder aos contidos legais da internet que desexen.

-Os usuarios teñen o dereito de usar as aplicacións e servizos que desexen, dentro dos límites que impoña a seguridade do Estado.

-Os usuarios teñen o dereito de conectar os dispositivos que desexen, sempre que non danen a rede.

-Os usuarios teñen o dereito de elixir en competencia os provedores de rede, de aplicacións, servizos e contidos.

A través dos principios de neutralidade da rede búscase establecer unhas normas que garantan que a banda larga non impoña restricións á competencia, creatividade e á actividade empresarial.

CAPÍTULO II

CONDICIÓN DO PROXECTO OBXECTO DE SUBVENCIÓN

Artigo 6º.-Solución tecnolóxica.

En todo caso, para os efectos destas bases enténdese por servizos de banda larga os que teñan asociada unha velocidade de transferencia de datos máxima de, como mínimo, 2 Mbps en sentido da rede ao usuario (DL) e de 512 Kbps en sentido do usuario á rede (UL), cunha garantía de caudal do 20%, e unha taxa de dispoñibilidade mensual de acceso superior ao 97%.

Cada solicitante poderá propoñer unha solución tecnolóxica e de negocio que considere máis axeitada, así como a súa proposta de implantación de infraestrutura de rede necesaria.

Así, os proxectos presentados estarán condicionados á creación da nova rede de acceso para a prestación de servizos avanzados da sociedade da información, respectando en todos os treitos subvencionados

os principios de neutralidade tecnolóxica e acceso aberto nos mercados residenciais e empresa.

Artigo 7º.-*Servizos postos á disposición dos beneficiarios por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Ao abeiro destas bases reguladoras concederanse axudas para o despregamento de redes de acceso de banda larga, favorecendo a reutilización de infraestruturas existentes e a existencia de mercados en réxime de competencia nas zonas obxecto da axuda.

Por este motivo, a disposición por parte de Retegal dos servizos que se detallan no anexo 2 destas bases (Condições do servizo de Retegal) nun conxunto determinado de localizacións non irá en detrimento do uso de localizacións e/ou redes de transporte propios dos beneficiarios ou de terceiros, pero valorarase o uso dunha rede aberta, con servizos por xunto de transporte e aloxamento, para favorecer a concorrencia competitiva.

De cara a facilitar o despregamento destas redes de acceso, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia porá á disposición dos beneficiarios infraestruturas e rede de transporte existentes do operador público Retegal, ofrecendo servizos de albergue de equipamento e transporte IP extremo a extremo.

No anexo 2 destas bases reguladoras (Condições do servizo de Retegal) achégase detalle das ditas infraestruturas e as condicións do servizo ofertado por Retegal.

Retegal asumirá o compromiso de prestar, se así o requiren os beneficiarios das axudas, os servizos especificados durante o período mínimo de explotación de rede mencionado no artigo 14º.

Non é obxecto destas bases a regulación de axudas para o despregamento de infraestruturas ou redes de transporte.

Artigo 8º.-*Características das redes que se van despregar.*

A consecución dos obxectivos desta convocatoria requirirá o despregamento das redes de telecomunicacións que proporcionen servizos adecuados de banda larga en núcleos dentro do ámbito territorial mencionado con anterioridade. Quedarán ao criterio do solicitante os detalles do deseño e posterior explotación destas sempre e cando se cumpran as premisas especificadas nesta convocatoria.

Dada a natureza competitiva da adxudicación das axudas vinculadas a esta convocatoria e o grao de liberdade existente respecto dos proxectos de despregamento de rede, o solicitante deberá incluír na documentación técnica que vai entregar un nivel de detalle tal que permita a análise da rede proposta por parte dos organismos competentes. O anexo 3 destas bases reguladoras (Descrición técnica mínima das infraestruturas propostas polo solicitante)

recolle os puntos mínimos requiridos a este respecto.

Artigo 9º.-*Servizos retallistas de acceso.*

9.1. Servizo retallista de acceso de comercialización obrigatoria.

Os beneficiarios que operen e exploten a rede deberán incluír no seu paquete de servizos e satisfacer baixo demanda a prestación dun servizo retallista de acceso coas seguintes características:

a) Largo de banda pico: largo de banda de pico de 2 Mbps e 512 Kbps descendentes e ascendentes respectivamente.

b) Modalidade de acceso: sen límite de tráfico e sen restrición horaria á accesibilidade do servizo.

c) Niveis mínimos de servizo:

i. Disponibilidades de servizo maiores ao 97% cando sexan medidas en intervalos mensuais.

ii. Garantir que polo menos o 95% do tempo está dispoñible, como mínimo, un 20% do largo de banda pico contratado.

iii. Compromiso de que unha vez despregada a rede correspondente a cada núcleo se satisfagan as peticións de servizo dos habitantes deste nun prazo máximo de 30 días naturais.

iv. Compromiso de reparar ou repoñer os equipamentos de usuario suxeitos a un acordo de aluguer co operador nun prazo nunca superior a cinco días hábiles.

v. O tempo máximo de resolución de incidencias de clientes que afecten o servizo deberá ser, como moito, de 24 horas no 95% dos casos.

Adicionalmente, son de aplicación sobre este servizo todos os condicionantes mencionados a continuación e extensibles a todos os servizos retallistas de acceso comercializados.

9.2. Condicionantes relativos aos servizos retallistas de acceso.

Empregando como soporte as infraestruturas de rede comprometidas polos beneficiarios no seu proxecto, este ofertará servizos de conectividade a usuarios finais. Estes servizos, que deberán ser publicitados de forma activa, estarán subordinados a unha serie de condicionantes establecidos coa intención de asegurar o cumprimento dos principios desta convocatoria:

-Oferta homoxénea territorialmente: existirá un compromiso respecto a que a oferta asociada a cada servizo prestado a usuarios finais sexa, naqueles núcleos onde se comercialice, homoxénea xeograficamente en canto a tarifas e niveis de servizo.

-Accesibilidade dos contidos legais: de acordo cos principios de neutralidade de rede, os servizos ofertados non poderán restrinxir o acceso a contidos legais.

-Tarifas acordes co mercado: as tarifas dos servizos prestados deberán estar en consonancia coas condicións actuais do mercado en servizos de similares características.

-Plan de evolución dos servizos de acceso: deberá presentarse un plan cunha previsión da evolución do paquete de servizos comercializado respecto de largos de banda, tarifas e niveis de servizo. O dito plan de evolución de servizos deberá abranguer, polo menos, todo o período de explotación mínimo da rede e deberá facer especial fincapé na provisión de servizos de acceso con maiores capacidades de tráfico que o servizo mínimo.

-Inclusión de accesos sen horarios nin restrición de tráfico: no paquete de servizos ofertados deberán incluír conexións sen límite de tráfico de baixada e sen restrición horaria á accesibilidade do servizo.

-Accesibilidade de servizos: os accesos retallistas comercializados deberán permitir acceder a unha serie de servizos base como navegación web, correo electrónico, mensaxaría instantánea, acceso a servizos telemáticos das diferentes administracións, descarga de ficheiros e posibilidade de establecer redes privadas virtuais. En calquera caso os solicitantes deberán presentar, nos seus proxectos, os servizos a maiores soportados como pode ser voz sobre IP, videoconferencia ou video *streaming*, asociándoos sempre aos seus respectivos niveis de servizo (latencia máxima, *jitter* máximo, taxa máxima de paquetes perdidos...).

Artigo 10º.-*Metodoloxía, medios técnicos e materiais.*

O solicitante deberá achegar información sobre os seus medios e procedementos de cara a garantir as calidades mínimas exixidas nos servizos solicitados, incluíndo os medios de atención ao cliente. Así, deberase incluír na proposta presentada información relativa a:

- Operación e mantemento.
- Calidade de servizo (SLA).
- Atención a usuarios.

No anexo 4 que se xunta a estas bases reguladoras (metodoloxía, medios técnicos e materiais) especifícanse os conceptos mínimos que se incluírán en cada epígrafe.

Artigo 11º.-*Plan de despregamento.*

No que atinxe ao despregamento de rede proposto polo solicitante, ademais dunha listaxe de núcleos incluídos neste, a documentación proporcionada deberá incluír un plan de despregamento cunha incerteza máxima mensual no cal consten, como mínimo, os seguintes conceptos detallados para cada localización proposta:

- Provisión e construción da infraestrutura.
- Provisión e instalación do equipamento de acceso.

-Integración coa rede de transporte e interconexión coa rede de operador.

- Plan de probas.
- Posta en servizo.

Este plan de despregamento deberá detallar os prazos para cada concepto cun grao de detalle mínimo semanal e garantir o cumprimento dos prazos de execución indicados nesta convocatoria.

O plan de despregamento presentado deberá cumprir os prazos temporais especificados nesta convocatoria e concretamente os estipulados no artigo 4. Toda solicitude que teña asociado un plan de despregamento con data de finalización posterior á citada como límite no dito artigo será desestimada inmediatamente. Respecto dos proxectos que entren nas restricións fixadas, os prazos de despregamento de rede, así como os investimentos necesarios serán parámetros tidos en conta no momento da valoración das solicitudes.

Artigo 12º.-*Plan de negocio.*

A proposta presentada deberá conter un plan de negocio, o cal deberá abranguer como mínimo un horizonte temporal de dez (10) anos desde o inicio da prestación do servizo, utilizando o método de valor actual neto (VAN), indicando expresamente a taxa anual de desconto empregada, a cal, pola súa vez, deberá ser comparada coa taxa interna de retorno (TIR) que reflecta a avaliación privada. Débese rexer polo principio do investidor privado nunha economía de mercado tal e como define a Comisión do Mercado de Telecomunicacións (CMT), sendo os beneficiarios das axudas os únicos responsables da súa viabilidade e continuidade.

No plan de negocio presentado deberá incluír detalle de:

-Hipótese de cálculo: índices de penetración dos servizos, investimento total, prazos de amortización do equipamento, ingresos estimados, custos de explotación, custos de comercialización, hipóteses financeiras e variables macroeconómicas.

- Plan de investimentos propio.
- Plan de custos e ingresos.

Artigo 13º.-*Beneficiarios.*

i. Poderán ser beneficiarios:

1. As persoas físicas constituídas como empresarios individuais.
2. As persoas xurídicas, calquera que sexa a forma societaria que adopten.
3. As unións temporais de empresas.

Neste caso, as empresas que concorran en UTE deberán facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada unha das entidades que a integra, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada unha delas,

que terán, así mesmo, a condición de beneficiarias. Deberán nomear un representante ou apoderado único, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á UTE. Non se poderá disolver durante o prazo a que se estenden as obrigas derivadas da subvención.

En todos os casos, os beneficiarios antes referidos deberán operar no mercado como operadores de redes e prestadores de servizos de comunicacións electrónicas. Para os efectos destas bases, entenderanse por explotadores de redes e prestadores de servizos de comunicacións electrónicas aqueles operadores que se encontren debidamente inscritos conforme a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e a súa normativa de desenvolvemento.

Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.

ii. Non poderán obter a condición de beneficiarios:

1. As persoas en que concorra algunha das circunstancias recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

2. As empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

3. As empresas que se encontren suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarase unha axuda ao beneficiario ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 14º.-Obrigas dos beneficiarios.

Serán obrigas da empresa beneficiaria as seguintes:

a) Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da LSG, así como as instrucións específicas que, en aplicación e cumprimento destas bases, comunique Agader en materia de execución, seguimento, pagamento das subvencións, información e publicidade, xustificación e control do gasto.

b) Comunicar ao órgano concedente de forma inmediata e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención concedida, a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingresos ou recursos que financien a mesma actuación subvencionada, procedente doutras administracións públicas ou entes públicos e privados. No suposto de subvencións concedidas ao abeiro da norma comunitaria *de minimis*, os beneficiarios deberán comunicar as subvencións obtidas durante o exercicio fiscal en curso e os dous anteriores, calquera que fose o obxecto destas.

c) Cumprir as condicións que, se é o caso, puidesen establecer as autoridades reguladoras nacionais e comunitarias no ámbito do mercado das telecomunicacións.

d) Deberán dar adecuada publicidade da orixe do financiamento público recibido en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto; nas publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en toda información ou publicidade que se efectúe das actuacións subvencionadas, deberase facer constar que están subvencionados por Agader no marco do Plan director de banda larga aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

e) Con carácter específico, os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas de comercialización, valorándose o compromiso de realizar as tarefas de comercialización e divulgación en lingua galega:

a. Facilitar a adquisición dos seus produtos en puntos de venda físicos en todo o territorio do ámbito da acción, a unha distancia máxima de 30 quilómetros de calquera cliente.

b. Ser responsables da comercialización do servizo nos núcleos da listaxe do anexo 1 que se vexan afectados polo despregamento de rede do beneficiario. Para estes efectos, na documentación que presenten indicarán os plans de publicidade, campañas de mercadotecnia directa e indirecta e plans de distribución directa ou indirecta que se comprometen a acometer, así como o *timing* destas accións e os recursos que prevén destinar a este aspecto do proxecto.

c. Realizar unha campaña divulgativa, supervisada por Agader, en relación cos novos servizos entre os potenciais usuarios. Este programa de difusión comprenderá, como mínimo, unha aplicación web informativa, así como a realización de xornadas e sesións de difusión pública sobre o alcance do proxecto. Nas tarefas de supervisión da campaña divulgativa a que se fai referencia nesta alínea, Agader estará asistida pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

d. Poderán ofrecer outros servizos de transmisión de datos distintos dos establecidos nestas bases, entre eles, aplicacións empaquetadas, sempre e cando os servizos obrigatorios sexan comercializados sen discriminar en prezo e calidade.

f) Así mesmo, deberá cumprir as seguintes obrigas en relación coa explotación da rede:

a. Dispoñer dun portelo único de atención ao cliente de servizos de transporte por xunto, proporcionando aos clientes un teléfono de atención as 24 horas dos 365 días do ano.

b. Dispoñer dun portelo único de atención ao cliente de servizos de acceso retalista, proporcionando aos clientes un teléfono de atención en horario laboral.

c. Operar a rede durante un período mínimo de dez (10) anos, sendo responsables da correcta explotación e mantemento de toda a infraestrutura e equipamento instalado. Conforme se vaia despregando e activando a rede e, como mínimo, ata a finalización do período de explotación, os clientes das áreas con cobertura poderán solicitar os servizos ofertados.

d. Ofrecer a posibilidade de atender o usuario, tanto de forma oral coma escrita, en idioma galego ou castelán á súa elección.

g) En definitiva, o proxecto comprometido que os beneficiarios despreguen, operen e exploten deberá cumprir coas exigencias mínimas de calidade recollidas nestas bases e na normativa vixente, así como coas obrigas establecidas polos organismos internacionais que resulten de aplicación, de maneira que o servizo se preste con estrita suxeición aos principios de transparencia e non-discriminación e contribúa ao permanente desenvolvemento e investimento do mercado das telecomunicacións nos núcleos de poboación a que se dirixe a actuación destas bases.

Artigo 15º.-*Subcontratación.*

Cando na realización dun proxecto se subcontrate parte da súa execución, o custo da subcontratación non poderá exceder o 80 por 100 do custo total do proxecto. A subcontratación das actividades subvencionadas axustarase ao disposto no artigo 27 da LSG. En particular, no caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, deberá formalizarse un contrato por escrito entre as partes e a súa formalización deberá ser autorizada previamente polo órgano concedente da axuda.

Artigo 16º.-*Intensidade da subvención.*

Enténdese por intensidade da subvención o importe bruto desta expresado en porcentaxe dos custos subvencionables do proxecto ou acción. Todas as cifras empregadas se entenderán antes de deducións fiscais ou doutro tipo.

A intensidade bruta máxima das subvencións será de ata o 70 por 100 do custo subvencionable do proxecto ou acción.

Artigo 17º.-*Gastos subvencionables.*

Considéranse gastos subvencionables aqueles que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se causen entre o 20 de abril de 2010 e o 30 de novembro de 2010.

En concreto, serán financiáveis os seguintes conceptos sempre e cando sexan relativos á rede de acceso e interconexión dentro das localizacións de Retegal:

-Planificación, enxeñaría e dirección facultativa de obra, incluíndo os custos directos imputables por gastos de persoal propio asignado ao proxecto ata un máximo dun 7% da cantidade subvencionada.

-Subministración e instalación de equipamentos dedicados ao proxecto.

-Subcontratacións exclusivamente derivadas do proxecto ou acción.

-Equipamento de usuario ata un máximo do 8% da cantidade subsidiada, sempre e cando estea asociado a unha alta no ámbito territorial e no servizo retailista definidos nesta orde.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables aínda que estean asociados á rede de acceso:

-O IVE e outros impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación, nin os impostos persoais sobre a renda.

-Infraestruturas e gastos de obra civil.

-Material funxible.

-Gastos de promoción e difusión do proxecto ou acción.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E XESTIÓN DA SUBVENCIÓN

Artigo 18º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de Agader, ou por calquera dos medios referidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), en modelo normalizado que se inclúe no anexo II.- Formularios, que se achega á resolución pola que se aproban estas bases reguladoras como Modelo A.- Solicitude, xunto coa documentación que a continuación se indica. Así mesmo, o citado modelo poderase descargar na páxina web de Agader: <http://agader.xunta.es>

Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación, por duplicado (orixinal ou copia compulsada e outra copia máis en soporte electrónico):

18.1. Documentación administrativa:

a) DNI se o beneficiario é persoa física; se é persoa xurídica, o CIF e DNI do representante que asine a oferta.

b) No caso de persoas xurídicas, escrituras de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. En caso de non resultar exixible, escritura ou documento de constitución en que consten as normas polas cales se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No suposto de que se presenten proposicións subscritas conxuntamente por varios solicitantes como Unión Temporal de Empresas (UTE), incorporárase o compromiso de constituír a UTE no caso de que lles sexa concedida a subvención. Os empresarios que desexen concorrer integrados en UTE deberán indicar na proposta os nomes e circunstancias dos que a constituían, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal, no caso de resultar beneficiarios. O escrito deberá estar asinado polos representantes das diversas empresas promotoras, así como polo apoderado único que estarán obrigadas a nomear.

d) Acreditación da representación por calquera medio admisible en dereito.

e) Declaración responsable do concorrente en que faga constar que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da LSG de acordo co modelo normalizado incluído no anexo II.- Formularios, que se achega á resolución pola que aproban estas as bases reguladoras, como Modelo B. Declaración doutras axudas e declaración responsable.

f) Declaración responsable en relación con outras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas, para a mesma finalidade, con indicación, de ser o caso, da convocatoria de axudas correspondente, da data de resolución de concesión e, de ser o caso, do pagamento da axuda, de acordo co modelo normalizado incluído no anexo II.- Formularios, que se achega á resolución pola que se aproban estas bases reguladoras, como Modelo B. Declaración doutras axudas e declaración responsable.

g) Certificación emitida pola entidade bancaria na cal conste o número de conta bancaria en que o solicitante quere percibir a axuda.

h) Certificado ou documento acreditativo da inscrición do solicitante no Rexistro de Operadores como explotador de redes e prestador de servizos de comunicacións electrónicas. No caso de que se faga uso do espectro radioeléctrico para a prestación dos servizos, deberase acreditar a disposición de títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico outorgados pola SETSI.

i) Acreditación da solvencia económica e financeira do proxecto: presentarase o plan financeiro que se vai aplicar para a execución do proxecto, con expresión da orixe dos recursos que o van financiar.

18.2. Proposta do proxecto.

Os solicitantes deberán presentar toda a documentación exixida en formato dixital e nativo (non exportado). Para os documentos de texto e follas de cálculo deberase utilizar un formato editable. As propostas de cobertura e topoloxía de rede deberán ser presentadas en formato tipo GIS, arquivos .shp e .dbf.

Incluirase a proposta técnica e económica estruturada segundo o seguinte índice:

1. **Introdución:** neste primeiro punto consignarase toda a información de carácter xeral que se considere conveniente de cara a un mellor entendemento dos termos da proposta.

2. Alcance da proposta:

2.1. **Cobertura:** presentarase en formato papel un resumo da cobertura proposta en función das tipoloxías especificadas no anexo 1 (Listaxe de núcleos obxectivo), e nas condicións establecidas no artigo 3º. Achegarase, así mesmo, documento dixital en que se especifique a cobertura proposta por cada núcleo.

2.2. **Servizos prestados:** achegará detalle dos servizos ofertados tanto retallistas, tal e como se definen no artigo 9º, como por xunto se iso fose de aplicación.

3. **Características técnicas da solución proposta:** segundo se detalla no artigo 8º e anexo 3 (Descrición técnica mínima das redes obxecto desta axuda).

4. **Plan de despregamento:** achegarase plan de despregamento da rede, recollendo polo menos os conceptos especificados no artigo 11º.

5. **Plan de negocio:** achegarase plan de negocio segundo se especifica no artigo 12º.

6. **Plan de seguimento e control:** segundo se especifica no artigo 24º.

7. **Metodoloxía, medios técnicos e materiais:** segundo se detalla no artigo 10º e o anexo 4 (Metodoloxía, medios técnicos e materiais).

8. **Plan de comercialización:** achegarase plan de comercialización segundo se especifica no anexo 5 (Comercialización, prestación do servizo e facturación).

9. **Memoria económica dos investimentos e gastos previstos,** desagregando as partidas e con expresión do importe total do proxecto. Ademais, deberá presentarse un resumo da dita memoria segundo o modelo normalizado incluído no anexo II.-Formula-

rios, que se achega á resolución pola que se aproban estas bases reguladoras como Modelo C. - Resumo da memoria económica do proxecto.

Os proxectos que se presenten deberán ser viables desde o punto de vista técnico e financeiro.

Os solicitantes non estarán obrigados a presentar os documentos que xa consten en poder de Agader de conformidade co disposto no artigo 35 f) da LRXPAC, sempre que indiquen os datos que permitan localizala e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir o solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

18.3. Consentimentos e autorizacións:

a) A presentación da solicitude comporta a autorización do solicitante para que Agader obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo cal queda liberado o solicitante de achegar as correspondentes certificacións. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; neste caso, deberá entregar a certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Se por razóns técnicas ou doutra índole as ditas certificacións non puidesen ser obtidas por Agader, poderán serlle requiridas ao solicitante.

b) A presentación da solicitude de axuda tamén comportará a autorización do solicitante para que Agader, de acordo co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, poida consultar os seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

c) Conforme o previsto no artigo 15 da LSG, Agader publicará no DOG as subvencións concedidas ao abeiro destas bases.

d) Así mesmo, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, Agader publicará na súa páxina web as concesións das axudas reguladas nestas bases, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal e da súa publicación.

Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Gal-

cia, a solicitude de axuda significa o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos no citado rexistro, que depende da Consellería de Facenda.

Non obstante, os interesados poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando poidan afectar a honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.

Artigo 19º.-Instrución.

O órgano competente para a instrución do procedemento é a Subdirección de Coordinación e Planificación para o Desenvolvemento Rural de Agader, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

En fase de instrución levaranse a cabo, entre outras, as seguintes actuacións administrativas:

1) Emenda de documentación.

Se a solicitude e/ou a documentación que se deba xuntar a esta non reúne os requisitos exixidos na convocatoria e nestas bases, requirirase o interesado para que, no prazo de dez (10) días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da LRXPAC.

2) Valoración de proxectos.

a. Os proxectos valoraranse en réxime de concorrencia competitiva conforme os criterios de baremación que se establecen no punto seguinte deste artigo.

No procedemento de valoración, o órgano instrutor estará asistido por persoal técnico da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito o 12 de maio de 2010 sobre coordinación de actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de banda larga no territorio rural galego.

b. A avaliación realizarase baseándose nos seguintes criterios:

Criterios de valoración		Puntos sobre 100
Alcance da proposta	Cobertura	30
	Servizos prestados	30
Características técnicas da solución proposta		13
Plan de despregamento		8
Plan de seguimento e control		3
Metodoloxía, medios técnicos e materiais		3
Plan de comercialización		3
Intensidade da subvención		10

En caso de empate, para desempatar terase en conta a maior puntuación obtida na valoración do criterio referido á cobertura e en segundo lugar a do criterio referido a servizos prestados.

O proxecto que obteña a maior puntuación determinará a adxudicación da subvención a favor do solicitante que o subscribise, polo importe solicitado, sempre respectando os límites orzamentarios expresados na convocatoria.

Os demais solicitantes integrarán a lista de espera, ordenada por orde decrecente segundo a puntuación obtida no baremo. No suposto de que o beneficiario seleccionado, segundo o disposto no parágrafo anterior, renuncie á subvención concedida ou decaia no dereito á súa percepción, activarase a lista de espera.

A continuación expóñense os aspectos que, en relación con cada criterio de valoración, determinarán a puntuación asignada a cada un deles:

a) Alcance da proposta:

a. Cobertura: avaliaranse os despregamentos de rede propostos sobre a base da porcentaxe de poboación cuberta respecto de obxectivo.

b. Servizos prestados: valoraranse, respecto do servizo mínimo de comercialización obrigatoria e do resto de servizos considerados como de banda larga, as tarifas e caudais asociados a estas así como outros aspectos como poden ser os niveis de servizo comprometidos. Tamén será valorado o plan de evolución do paquete de servizos, principalmente no que respecta a actualizacións de tarifas e caudais. Avaliarase a potencialización dunha rede de transporte aberta a terceiros operadores, como a rede proposta de Retegal. Así, no caso de que o solicitante non empregue a rede de transporte de Retegal, valorarase que o solicitante propoña un proxecto en que a rede de transporte empregada teña asociada un paquete de servizos por xunto adecuado, facendo especial fincapé en premiar a maior diversidade de servizos, a súa tarificación orientada a custos, a reserva de capacidade e as calidades de servizo asociadas.

b) Características técnicas da solución proposta: avaliaranse as características das redes de transporte e acceso propostas polo solicitante. No que respecta ás redes de acceso, valorarase especialmente a cobertura e o dimensionamento de cada localización, así como o valor presente e futuro da solución tecnolóxica proposta. Así mesmo, valorarase a solución tecnolóxica formulada para o equipamento de usuario. Respecto da rede de transporte, no caso de formular unha rede de transporte diferente á ofertada por Retegal, farase especial fincapé na solución tecnolóxica proposta, a súa topoloxía e estrutura, interoperabilidade, servizos soportados, capacidade e escalabilidade.

c) Plan de despregamento: será tida en conta positivamente a maior celeridade no despregamento das

redes de telecomunicacións propostas, medido principalmente sobre a base da evolución temporal de habitantes cubertos ao longo do período de despregamento e de localizacións de acceso despregadas. Igualmente, tamén se valorará o grao de detalle, claridade e completitude da documentación asociada ao plan de despregamento respecto dos aspectos detallados nesta convocatoria.

